

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

**14190** *Real decreto 1039/2011, do 15 de xullo, polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.*

O artigo 3.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, sinala que o acceso e as prestacións sanitarias se realizarán en condicións de igualdade efectiva. Esta disposición non é máis ca a aplicación no ámbito sanitario do dereito á igualdade recoñecido no artigo 14 da Constitución, cuxa realización efectiva deben promover os poderes públicos, correspondendo ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a dita igualdade cando están en xogo dereitos fundamentais.

Pola súa parte, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, regula as prestacións sanitarias e os seus aspectos esenciais, como son os referentes ás garantías de accesibilidade, mobilidade, tempo de acceso, información, seguridade e calidade. A cooperación das administracións públicas sanitarias é un medio para asegurar aos cidadáns o dereito á protección da saúde, co obxectivo de garantir a equidade, na liña de desenvolvemento do principio constitucional de igualdade, que garanta o acceso ás prestacións e, desta maneira, o dereito á protección da saúde en condicións de igualdade efectiva en todo o territorio.

Esta lei dispón no seu artigo 4 que son dereitos dos cidadáns no conxunto do Sistema Nacional de Saúde recibir asistencia sanitaria na súa comunidade autónoma de residencia nun tempo máximo nos termos recollidos no artigo 25, así como recibir, por parte do servizo de saúde da comunidade autónoma en que se encontre desprazado, a asistencia sanitaria do catálogo de prestacións do Sistema Nacional de Saúde que poida requirir, nas mesmas condicións e idénticas garantías que os cidadáns residentes nesa comunidade autónoma.

Igualmente, no seu artigo 23, ao regular a garantía de accesibilidade, sinala que todos os usuarios do Sistema Nacional de Saúde terán acceso ás prestacións sanitarias en condicións de igualdade efectiva.

Pola súa parte, o artigo 25 establece as garantías de tempo, dispoño que no seo do Consello Interterritorial se acordarán os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións do Sistema Nacional de Saúde, que se aprobarán mediante real decreto. As comunidades autónomas definirán os tempos máximos de acceso á súa carteira de servizos dentro do dito marco. Finalmente, no seu artigo 71, que define as funcións do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, indica que este coñecerá, debaterá e, se é o caso, emitirá recomendacións sobre os criterios marco que permitan garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

O contido das prestacións sanitarias está regulado polo Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, en cuxo artigo 2.3 se prevé que o procedemento para o acceso aos servizos que fan efectivas as prestacións será determinado polas administracións sanitarias no ámbito das súas respectivas competencias.

Por outra parte, mediante o Real decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde, púxose en marcha o sistema de información de listas de espera. Despois do tempo transcorrido desde a súa publicación, considérase oportuno regular as garantías de tempos máximos de acceso.

En desenvolvemento das previsións da Lei 16/2003, do 28 de maio, neste real decreto defínense os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

Esta norma ten natureza xurídica de lexislación básica e común en materia de garantías de tempos máximos de acceso para todo o Sistema Nacional de Saúde e a súa elaboración levouse a cabo cunha activa participación das comunidades autónomas, no seo da Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento, dependente do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, ao cal se elevou o texto que foi obxecto de acordo na sesión plenaria do 18 de outubro de 2010. Durante a súa tramitación esta norma someteuse, así mesmo, a consulta dos sectores afectados e do Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xullo de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

En aplicación do previsto na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, este real decreto ten por obxecto establecer os criterios marco para lles garantir aos usuarios do Sistema Nacional de Saúde un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias, de modo que o dito acceso se poida realizar en condicións de igualdade efectiva.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Serán beneficiarios da garantía establecida neste real decreto os titulares dos dereitos á protección da saúde e á atención sanitaria recollidos no artigo 3.1 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, para aquelas prestacións incluídas na carteira de servizos regulada mediante o Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, e a súa normativa de desenvolvemento, sinaladas no anexo.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) As intervencións cirúrxicas de transplantes de órganos e tecidos, cuxa realización dependerá da dispoñibilidade de órganos, así como a atención sanitaria ante situacións de catástrofe, de conformidade co previsto no número 2 do artigo 25 da Lei 16/2003, do 28 de maio.

b) As intervencións que poidan requirir unha espera para reunir as condicións adecuadas para a súa realización, como é o caso das relacionadas coas técnicas de reprodución humana asistida.

c) A atención sanitaria de urxencia, incluíndo reimplantes de membros e atención a queimados.

d) A atención sanitaria non incluída na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde regulada no Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro.

##### Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións recollidas nos anexos I e II do Real decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde. Ademais, entenderase por:

1. Tempo máximo de acceso: prazo de tempo, expresado en días naturais, que non se poderá exceder para intervir cirurxicamente, atender en consultas externas ou realizar unha proba diagnóstica ou terapéutica a un usuario do Sistema Nacional de Saúde. O dito prazo computarase desde o momento da indicación da atención polo facultativo, que corresponderá coa data de entrada no rexistro de espera.

2. Garantía de tempo máximo de acceso: compromiso adquirido polo servizo de saúde da correspondente comunidade autónoma que supón atender o usuario coas adecuadas condicións de calidade, dentro do tempo máximo de acceso establecido no seu ámbito, que en ningún caso excederá o previsto neste real decreto.

3. Perda da garantía: situación que xera que quede sen efecto, para un determinado usuario, a garantía do tempo máximo de acceso por parte do correspondente servizo de saúde.

4. Suspensión da garantía: situación provisional en que queda suspendida, de maneira transitoria e mentres persistan as causas que motiven tal situación, a garantía do tempo máximo de acceso por parte do correspondente servizo de saúde.

#### Artigo 4. *Criterios marco para garantir tempos máximos de acceso.*

1. No anexo recóllense os tempos máximos de acceso, garantidos a todos os usuarios do Sistema Nacional de Saúde, para a realización de determinadas intervencións cirúrxicas que se seleccionaron aplicando os seguintes criterios:

a) Gravidade das patoloxías motivo da atención: patoloxías que na súa evolución posterior orixinan risco de morte ou de discapacidade ou diminúen de forma importante a calidade de vida.

b) Eficacia da intervención: a intervención cirúrxica é eficaz para aumentar a supervivencia, diminuír a discapacidade ou mellorar a calidade de vida do usuario.

c) Oportunidade da intervención: a súa realización temperá evita a progresión da enfermidade ou as súas secuelas.

2. Os servizos de saúde das comunidades autónomas concretarán no seu ámbito territorial as garantías previstas neste real decreto, establecendo uns tempos máximos de acceso para a atención sanitaria programable. Para isto utilizarán como referente os tempos máximos establecidos no anexo e terán en conta se os procesos ou patoloxías a que van dirixidas as intervencións teñen un especial impacto na saúde ou na calidade de vida do usuario.

3. Os tempos máximos de acceso sinalados no anexo deste real decreto serán obxecto de monitorización a través do sistema de información regulado no Real decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde.

#### Artigo 5. *Exercicio da garantía.*

1. A garantía de tempo máximo de acceso prevista neste real decreto está referida unicamente á atención sanitaria pola cal se incluíu o usuario no rexistro de lista de espera. Consecuentemente, esta garantía non cubrirá ningunha outra atención sanitaria diferente á que orixinou esa inscrición.

2. Para efectos de garantir os tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias a que se refire este real decreto, os servizos de saúde das comunidades autónomas establecerán os mecanismos necesarios para proporcionar a adecuada atención sanitaria aos usuarios.

3. Con este fin, os servizos de saúde ofertarán ao usuario as alternativas que consideren máis apropiadas para a efectiva realización da atención garantida.

4. Esta garantía, non obstante, poderá quedar en suspenso ou sen efecto por causa imputable ao usuario, de acordo co previsto no artigo 6.

## Artigo 6. *Perda e suspensión da garantía.*

1. A garantía de tempo máximo de acceso quedará sen efecto cando o usuario:
  - a) deixe de ter a indicación que xustificaba a atención garantida.
  - b) renuncie voluntariamente á atención garantida.
  - c) non optase, no prazo establecido para o efecto, por algunha das alternativas ofertadas polo servizo de saúde ou rexeitase o/s centro/s alternativo/s ofertado/s para a realización da asistencia.
  - d) non se presente, sen motivo xustificado, á citación correspondente no centro que lle ofrezca o servizo de saúde.
  - e) atrase a atención sen causa xustificada.
  - f) incumpra algunha das obrigas sinaladas nos letras a), b) e d) do artigo 7.
2. Non obstante, nos supostos c), e) e f) do número anterior, o usuario continuará no rexistro de lista de espera, aínda que perda a garantía respecto a esa atención.
3. Producirase unha suspensión da garantía, que suporá a interrupción do cómputo dos prazos máximos, nos seguintes supostos:
  - a) Cando o usuario solicite un aprazamento da atención garantida durante un tempo determinado, sen renunciar a ela, e sempre que alegue causas debidamente xustificadas, tales como nacemento ou adopción de fillo, matrimonio, falecemento ou enfermidade grave dun familiar ou cumprimento dun deber inescusable de carácter persoal durante os días que resulten indispensables para atendelo.
  - b) Cando concorra causa clínica que xustifique o aprazamento do proceso de atención.
  - c) En caso de acontecementos catastróficos, epidemias, folgas ou disfuncións graves que afecten un ou máis centros ou servizos sanitarios.
4. O cómputo do tempo máximo de acceso proseguirá unha vez que desaparezan as circunstancias que motivaron a interrupción do prazo.

## Artigo 7. *Obrigas dos usuarios.*

Para que poida ser efectiva a garantía de tempo máximo de acceso prevista neste real decreto, os usuarios inscritos no rexistro de espera están obrigados a:

- a) Manter actualizados os datos sobre o seu teléfono, enderezo ou correo electrónico, para efectos de chamamento, notificación ou localización por parte do servizo de saúde.
- b) Xustificar, cando concorran motivos persoais e mediante o procedemento que o servizo de saúde para tal efecto determine, a solicitude de aprazamento da atención garantida.
- c) Comunicar con antelación suficiente, sempre que isto sexa posible, a decisión de non se presentar a unha citación.
- d) Facilitar ao servizo de saúde a información necesaria que lle sexa requirida para o efecto de lle poder asignar a alternativa máis adecuada para a realización da atención garantida.
- e) Pór en coñecemento dos responsables das institucións sanitarias as irregularidades que observe no exercicio do dereito da garantía de tempo máximo de acceso, mediante o procedemento que o servizo de saúde estableza para tal efecto.

## Artigo 8. *Actualización dos tempos máximos de acceso.*

1. Co acordo previo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, poderanse revisar periodicamente os tempos máximos de acceso que se recollen no anexo, co fin de os adoptar á realidade sanitaria de cada momento, á situación socioeconómica e ás necesidades dos usuarios do Sistema Nacional de Saúde.

2. Así mesmo, e logo de acordo do Consello Interterritorial, iranse incluíndo no dito anexo tempos máximos de acceso para primeira consulta externa de atención especializada e para probas diagnósticas ou terapéuticas, aplicando os mesmos criterios sinalados no artigo 4.1 para as intervencións cirúrxicas.

Disposición adicional única. *Garantías de tempos máximos de acceso nas prestacións facilitadas polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e polas mutualidades de funcionarios.*

As garantías establecidas neste real decreto serán, así mesmo, de aplicación á asistencia prestada tanto polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria como pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (Muface), o Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e a Mutualidade Xeral Xudicial (Muxexu).

Disposición transitoria. *Período de adaptación.*

As comunidades autónomas disporán dun prazo de seis meses para adaptar as súas normativas ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade para o desenvolvemento do disposto neste real decreto e, en concreto, para a súa aplicación no ámbito de xestión do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade,  
Política Social e Igualdade  
LEIRE PAJÍN IRAOLA

## ANEXO

### Tempos máximos de acceso garantidos aos usuarios do Sistema Nacional de Saúde

Intervencións cirúrxicas	Tempo máximo de acceso (días naturais)
Cirurxía cardíaca valvular . . . . .	180
Cirurxía cardíaca coronaria . . . . .	180
Cataratas . . . . .	180
Prótese de cadeira . . . . .	180
Prótese de xeonllo . . . . .	180